

Texto e ilustracións: **JANOSCH**

Tradución: **DOLORES ROMAY**

Encadernado en cartón. 15x21,5 cm.

52 páxinas en color. Disponible en:

- Galego: "Correo para tigre"  
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-722-5
- Castelán: "Correo para el tigre"  
Libros para soñar. ISBN 978-84-92608-10-2
- Catalán: "Carta per al tigre"  
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-15170-08-2
- Euskera: "Posta tigreadentzat"  
Kalandraka-Pamiela. ISBN 978-84-7681-678-3
- Portugués: "Correio para o tigre"  
Livros para sonhar. ISBN 978-989-8205-67-4

Prezo: 15 €

## CORREO PARA TIGRE

«Querido tigre:

Comunícoche que estou ben. E ti?

Vai pelando cebolas e poñendo unhas patacas  
a cocer porque pode que hoxe teñamos peixe.

Un bico do teu amigo oso».




Cando o pequeno oso marchou a pescar, levou consigo un bote de tinta azul, papel e sobre para escribirlle ao seu amigo, o pequeno tigre, que se sentía moi só cada vez que se ausentaba. Pero no bosque o correo nunca fora moi áxil. Así, co enxeño duns e coa axuda doutros, o fogar de Oso e de Tigre converteuse no lugar mellor comunicado do mundo. Co seu estilo inconfundible, tanto a nivel literario como artístico, con ilustracións e viñetas cheas de dozura, Janosch fabula sobre os protagonistas desta curiosa historia inventaron o correo postal, o correo aéreo e o teléfono.

**JANOSCH** (Hindengurb, Alemaña, 1931 -actual Zabrze, Polonia-)

Janosch é o pseudónimo de Horst Ecker. Adoptou ese nome artístico animado polo seu primeiro editor. Marcado por unha infancia difícil, sendo moi novo empezou a traballar como ferreiro e cerralleiro. Trala II Guerra Mundial, a súa familia mudouse á Alemaña Occidental e el empregouse nunha fábrica textil. En 1953 trasladouse a Munich e durante unha tempada estudou na Academia de Belas Artes. Logo estableceuse como artista independente e en 1960 publicouse o libro infantil co que iniciou a súa traxectoria artística e literaria, que suma máis de 300 obras traducidas a 70 linguas, e polas que recibiu numerosos premios. A súa sona internacional débese a "Que bonito é Panamá!", de 1979, que está editado por KALANDRAKA. Dende 1980 reside en Tenerife, onde escribe e ilustra libros infantís, de narrativa, pezas teatrais e filmes de animación.

Tamén é autor dalgunha novela para adultos, con elementos autobiográficos. Mesmo chegou a ilustrar textos de escritores tan destacados como Charles Bukowski.



- **Temática:** a amizade, as comunicacións
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** clásico contemporáneo da Literatura Infantil; do autor e ilustrador de "Que bonito é Panamá!" (KALANDRAKA).
- **Aplicacións:** animais humanizados; natureza; viaxe; concepto de *locus amoenus* (lugar ideal); diferentes maneiras e instrumentos para a comunicación interpersoal